

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac6762203954110261508.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 23-2025

DECRETO

EXCMO. SR. DON MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, ALCALDE PRESIDENTE DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO

ASUNTO: APROBACIÓN DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA MEDIANTE A MODALIDADE DE TRANSFERENCIA DE CRÉDITO DESTINADA A DAR COBERTURA AS OBRIGAS ECONÓMICAS DERIVADAS DA REALIZACIÓN DE DIVERSAS ACTIVIDADES NO SAN FROILAN 2025

Visto o expediente tramitado para modificar créditos mediante a modalidade de transferencia de crédito núm. 23-2025, por un importe total de 17.475,59 €, dentro do vixente orzamento municipal do 2025, para dar cobertura as obrigas económicas derivadas da realización de diversas actividades no San Froilán 2025, según pon de manifesto na súa solicitude a xefa de sección do servizo de Cultura , Turismo e Promoción da Linga, Carmen María Fernández López o 31.07.2025 coa conformidade do responsable da área xestora e vista a inexistencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento Xeral, solicítase por parte desta, a tramitación dun expediente de transferencia de crédito:.

“...Na execución do Orzamento deste exercicio 2025, entre outros, as partidas orzamentarias desta Área no relativo ás Festas de San Froilán, deben soportar gastos derivados de prestacións do exercicio anterior que, debido ás operacións de peche dese exercicio, a posibles atrasos por parte dos provedores na presentación das facturas e documentación, e a non incorporación dos saldos de remanentes de crédito debidamente comprometidos, ocasionan unha diminución dos créditos dispoñibles previstos para prestacións a realizar este ano no San Froilán.

Visto así mesmo coa Intervención municipal, conforme á proposta da Ilma. Tta. delegada da Área, que dos importes dispoñibles nas partidas de gastos de persoal, é posible liberar a cantidade de 17.475,59 euros, correspondentes a vacantes que figuran consignadas pero pendentes de cobertura como son:

51/232 Coordinador/a publicacións (C1)

51/101 Oficial maquinista fontanero (C2)”

Por ditos motivos, segundo a mencionada proposta, considérase necesaria a realización dunha transferencia de crédito por importe de 17.475,59.

...”

Vistos igualmente os documentos e informes que constan no expediente tramitado para o efecto, o informe da Intervención Xeral Municipal Refs: 2025/1245, do 06.08.2025, así como os Mandamentos contables RCMOD Ref.: 49702/2025, por importe de 8.107,49 €, e 49703/2025 por importe de 9.368,10 do día 5.08.2025.

En virtude do disposto nos artigos 179 a 181 do Real decreto legislativo 2/2004 de 5 de marzo, polo cal apróbase o Texto refundido da lei reguladora das facendas locais; artigos 40 a 45 do Real decreto 500/1990 de 20 de abril, Regulamento orzamentario; as Bases de execución do orzamento vixente prorrogado e sobre a base das atribucións conferidas a esta Alcaldía, en virtude do disposto no artigo 124.4 g) e ñ), da lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local e demais normativa, **RESOLVO:**

INTERVENCIÓN

LVP/mlv

Refª: ispac6762203954110261508.doc

Asunto: Decreto alcalde transferencia de crédito 23-2025

PRIMEIRO. Aprobar o actual expediente de modificación de créditos a través da modalidade de transferencia de crédito por un importe global de 17.475,59 € para dar cobertura ás obrigas sinaladas na parte expositiva do presente decreto:

<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE CEDEN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>	<u>APLICACIÓN ORZAMENTARIAS QUE INCREMENTAN CRÉDITO</u>	<u>IMPORTE €</u>
33000.12004	8.107,49	33801.22699	17.475,59 €
33000.12003	9.368,10	CP.253380101	
TOTAL CRÉDITO CEDIDO	17.475,59 €	TOTAL INCREMENTO DE CRÉDITO	17.475,59 €

SEGUNDO. Sendo o expediente que se aproba firme e executivo sen máis trámites, polo que se deberán introducir na Contabilidade da Corporación os axustes derivados do mesmo.

Cúmprase.